



INFORME DE PRECIPITACIÓN NO NORTE DE LUGO E CORUÑA DO 9/06/2010 Ó 10/06/2010

Galicia estivo afectada por unha borrasca que afectou principalmente á Mariña Luguesa, deixando precipitacións de diversa consideración que se caracterizaron principalmente pola súa persistencia ó longo do período sinalado.

Para elaborar o informe empréganse as estacións da táboa I. Estas estacións pertencen á rede de estacións meteorolóxicas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con excepción da estación do IES Perdouro de Burela que pertence á rede de estacións meteorolóxicas das Meteoescolas xestionadas por esta consellería.

Estación	Concello	Provincia
Burela	Burela	Lugo
Fragavella	Abadín	Lugo
Foz	Foz	Lugo
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña
Borreiros	Viveiro	Lugo
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo
IES Perdouro (Burela)	Burela	Lugo

Táboa I: Estacións meteorolóxicas empregadas.

A chuvia rexistrada (l/m^2) nestas estacións preséntase na táboa II, nela tamén se indica o total rexistrado durante os días 9/06/2010 e 10/06/2010. Preséntanse en cursiva os datos da estación manual do IES Perdouro por presentar unha escala temporal distinta á rede de estacións automáticas.

Chuvia rexistrada(l/m^2) no norte de Lugo e Coruña			
Estación	09/06/2010	10/06/2010	Total
Burela	119.7	102.7	222.4
Fragavella	90.6	50.6	141.2
Foz	61.8	59.1	120.9
Serra da Faladoira	54.7	108.4	163.1
Borreiros	77.2	97.4	174.6
Pedro Murias	61.2	88.3	149.5
Penedo do Galo	91.1	91.9	183
IES Perdouro Burela	143	70	213

Táboa II: Chuvia rexistrada nas estacións do norte de Lugo e Coruña



Tamén son salientables os datos de precipitación acumulada en 12h e 24h (táboas III e IV) que se rexistraron en distintos lugares do norte da Comunidade Galega. Estes datos foron recollidos en distintas estacións da rede de estacións meteorolóxicas automáticas.

Precipitación acumulada en 12 h (l/m ²)				
Inicio- hora UTC	Estación	Precipitación (l/m ²)	Provincia	Concello
09/06/2010 17:20	Burela	105.5	Lugo	Burela
09/06/2010 19:00	PGalo	85	Lugo	Viveiro
10/06/2010 5:50	SFaladoira	72.3	A Coruña	Ortigueira
09/06/2010 17:20	Borreiros	67.7	Lugo	Viveiro
09/06/2010 16:20	Fragavella	62.2	Lugo	Abadín
09/06/2010 18:20	Foz	58.8	Lugo	Foz
08/06/2010 19:40	Olas	50.5	A Coruña	Mesía
09/06/2010 19:10	Pontenova	46.6	Lugo	A Pontenova
08/06/2010 17:10	Muralla	45.3	A Coruña	Lousame
08/06/2010 17:50	Castrove	44.7	Pontevedra	Poio
10/06/2010 3:50	ANova	44.5	A Coruña	Narón
08/06/2010 17:10	Lira	44.2	A Coruña	Carnota
09/06/2010 20:20	O Xipro	43.4	Lugo	A Fonsagrada
10/06/2010 2:30	Ancares	43.1	Lugo	Cervantes
09/06/2010 12:10	Pedro Murias	42.2	Lugo	Ribadeo

Táboa III: Precipitación acumulada en 12 h.


Precipitación acumulada en 24h (l/m ²)				
Inicio-hora UTC	Estación	Precipitación (l/m ²)	Provincia	Concello
09/06/2010 15:40	Burela	163	Lugo	Burela
09/06/2010 16:50	PGalo	133.7	Lugo	Viveiro
09/06/2010 18:10	SFaladoira	121.7	A Coruña	Ortigueira
09/06/2010 17:30	Borreiros	121.5	Lugo	Viveiro
09/06/2010 3:20	Fragavella	100.4	Lugo	Abadín
09/06/2010 16:30	Foz	91.2	Lugo	Foz
09/06/2010 20:50	O Xipro	82.2	Lugo	A Fonsagrada
09/06/2010 15:40	Ancares	80.2	Lugo	Cervantes
09/06/2010 19:00	Pontenova	78.1	Lugo	A Pontenova
09/06/2010 15:50	ANova	74	A Coruña	Narón

Táboa IV: Precipitación acumulada en 24 h.

En canto aos períodos de retorno da precipitación na zona da Mariña e Xistral, cabe subliñar que estes valores de precipitación en 24 h encóntranse comprendidos entre 100 e 200 anos, dependendo dos lugares.



No seguinte mapa amósanse os valores de precipitación acumulados durante os días 9 e 10 /06/2010.



Chuvia acumulada os días 9 e 10 de xuño de 2010

www.meteorgalicia.es

En puntos da Mariña luguesa en 24 h a cantidade de precipitación foi maior que os valores normais de todo o mes de xuño nesa zona. No borde costeiro da Mariña luguesa estes valores normais están comprendidos entre 25-50 l/m² e na serra do Xistral estes valores mensuais están entre 50-100 l/m² (Atlas Climático de Galicia).


Na seguinte táboa móstranse os valores acumulados mensuais dende o ano 2007 comparado ca precipitación acumulada nos días 9 e 10 de xuño de 2010.



Precipitación mensual dos últimos anos (l/m2) en estacións do norte de Galicia					
Data	Burela	Fragavella	Pedro Murias	Penedo do Galo	Serra da Faladoira
xuñ-07	35.9	89.4	62.6	52.9	94.2
Xuñ-08	55.3	50.2	38.2	49.6	46.2
Xuñ-09	64.5	102.4	54.9	47.9	79.3
9-10 xuñ_10	222.4	141.2	149.5	183	163.1

Táboa V: Datos de precipitación mensual nos últimos anos

A continuación preséntase un mapa cos valores normais de precipitación mensual do mes de xuño.



Mapa de precipitación mensual en xuño (Atlas Climático de Galicia)

MeteoGalicia

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Xunta de Galicia